

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/16	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	22 de abril de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 1 e 8 de abril de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os borradores das actas das sesións de Xunta de Goberno Local realizadas en datas 1 e 8 de abril de 2019.

Expediente 2343/2019. Solicitud de sinalización

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 363/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 10.04.2019, referente a expediente nº 363/2019-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Parada-Coiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha caseta de aproximadamente 15,00 m2., ao fronte e lindeiro.

Resultando que segundo consta no expediente, é presuntamente responsable dos feitos sinalados, E. C. C., como promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.





Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/2016 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a E. C. C. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha caseta de aproximadamente 15,00 m²., sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador, como é o caso.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.





Expediente 1135/2019. Proposta para aprobación de convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación de director/directora e monitores/monitoras de tempo libre para o programa "Enredos de verán 2019" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 17.04.2019, para aprobación de convocatoria e as bases do proceso selectivo dirixido á contratación de director/directora e monitores/monitoras de tempo libre para o programa "Enredos de verán-2019", que é como segue:

"Vista a proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade de data 05.04.2019, relativa á necesidade de acometer o proceso de selección e posterior contratación do persoal preciso, 13 monitores/monitoras e 1 director/directora de tempo libre, con previsión de reserva de prazas para discapacitados intelectuais e configuración dunha lista de agarda, para a posta en marcha do programa 'Enredos de Verán-2019', que consiste en actividades dirixidas aos nenos escolarizados que ademais permiten a conciliación da vida laboral e familiar dos pais e nais traballadores deste Concello, segundo a descrición que se realiza na citada proposta e na valoración e bases que a achegan incorporadas ao expediente.

Visto o estado de tramitación do expediente, en particular o borrador de bases elaborado e remitido a representación sindical, así como, os informes emitidos pola intervención municipal e secretaría de data 15.04.2019. Respecto a estes, cómpre significar, como sinala o concelleiro de área na súa proposta inicial que se trata 'dunha contratación de carácter excepcional pois Cangas non conta con medios destinados con carácter xeral á cobertura deste servizo dun xeito permanente e a contratación que se pretende só cubriría o servizo durante a tempada de verán coincidindo coas vacacións estivais dos/das menores, tendo en conta que se trata ademais de necesidades urxentes e inaprazables para posibilitar a xa mencionada conciliación da vida laboral e familiar, motivo polo que procede aprobar a convocatoria e as bases dirixidas á selección do persoal que figura na proposta, levantando o reparo suspensivo formulado por intervención, en virtude deste carácter esencial. Debe tomarse en consideración ademais que as funcións a desenvolver non son funcionariais, motivo polo que se efectúan en principio mediante contratación laboral e respecto á redución do prazo de emenda ao que se refire o secretario, cómpre sinalar que os requisitos, aos que fai referencia como diversos prazos ou a designación previa do tribunal, só están predeterminados normativamente respecto da selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade segundo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada, mentres que pola contra o prazo proposto non elimina o dereito dos aspirantes.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:





PROPOSTA

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe de data 15.04.2019.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 1 director/directora e 13 monitores/monitoras de actividades de tempo libre para o programa municipal 'Enredos de verán-2019', bases que literalmente din:

“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN PARA O CONCELLO DE CANGAS DE 1 DIRECTOR/DIRECTORA E 13 MONITORES/MONITORAS DE TEMPO LIBRE CON CONFIGURACIÓN DE CADANSÚA LISTA DE AGARDA

PRIMEIRA.- **OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN**
O obxecto da presente convocatoria é a selección e posterior contratación de 1 director/directora e 13 monitores/monitoras de actividades de tempo libre para o programa municipal 'Enredos de verán 2019'.

Das 13 prazas de monitores, 3 estarán reservadas para ser cubertas por persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 por cento. De non cubrirse as prazas de reserva estas serán excluídas da cota de reserva e pasarán a integrarse ás restantes prazas correspondentes ao sistema de acceso libre.

O procedemento de selección será o de concurso oposición.

As contratacións serán de carácter laboral temporal na modalidade de obra ou servizo, coas seguintes características:

- Director/Directora de tempo libre: desde o 1 de xullo ata o 2 de setembro, ambos incluídos a tempo completo, de luns a venres, de 9:00 a 15:30 horas e o lugar de realización é tanto en Cangas como en Aldán, nos espazos de realización das actividades.
- Monitores/Monitoras de tempo libre: desde o 1 de xullo ata o 2 de setembro, ambos incluídos en réxime de contratación a tempo parcial de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas e o lugar de realización é o tanto en Cangas como en Aldán, nos espazos de realización das actividades.

Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sen resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre as persoas que si o fosen e para cubrir as necesidades de contratación laboral temporal de calquera das categorías durante o presente ano 2019 e 2020, en particular as maiores necesidades derivadas do número de solicitudes de participación no programa.

Os contratos que se subscriban incluírán a previsión dun período de proba dun mes de duración nos casos en que resulte procedente de acordo coa normativa de aplicación.

As persoas seleccionadas seralles de aplicación no momento da súa contratación o 'Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas', cun salario bruto mensual calculado a xornada completa de mil cincocentos cincuenta e nove euros con sesenta céntimos (1.559,60 €), para a praza de director/directora, e de mil catrocentos oitenta e nove euros con sesenta céntimos (1.489,60 €), para a praza de





monitor/monitora (o salario reducirase proporcionalmente segundo o tipo de xornada establecida no contrato).

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Estar en posesión ou en condicións de obter o título esixido para cada un dos listados, de acordo coa normativa vixente en materia de xuventude e en particular no previsto no Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, o día en que remate o prazo de presentación de instancias. Director/Directora de actividades de tempo libre ou monitor/monitora de actividades de tempo libre, segundo a praza á que se desexe acceder, ou equivalentes.
- c) Non ter sido despedido/despedita mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- d) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Ter ingresada a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal, oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €), para a praza de director/directora, e cinco euros con trinta e tres céntimos (5,33 €), para as prazas de monitor/monitora (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello).

Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dunha persoa que estea incurso en causas de incapacidade específica coa normativa vixente. Os requisitos anteriores tamén deben cumprirse no momento do chamamento para o suposto das contratacións que se efectúen en uso da lista de agarda.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS

As presentes bases estarán expostas ó público no taboleiro da anuncios do Concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións, ademais de ser publicitada a convocatoria na páxina web do Concello (www.cangas.gal) e publicándose un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra.





De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a páxina web do concello (www.cangas.gal), será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo irán dirixidas á Alcaldía do Concello de Cangas e serán presentadas no prazo de dez días hábiles a contar a partir do primeiro día hábil seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra, en horario de atención ao público.

As instancias deberán presentarse no modelo específico deste proceso selectivo debidamente asinado que como anexo III achega as presentes bases, facer constar expresamente o cumprimento dos requisitos expostos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se teña que acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base oitava. Malia isto, deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986/304850, unha copia da instancia rexistrada con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.

Os/as interesados/interesadas presentarán xunto coa instancia no modelo indicado cuberto e asinado a seguinte documentación:

Resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago deberá facerse previa obtención da correspondente folia de liquidación da tesourería do Concello.

Fotocopia simple por ámbalas dúas caras, do DNI/NIE, de presentar o orixinal.

Copia simple do título esixidos na convocatoria (sen prexuízo, no caso de ser seleccionado/seleccionada de achegar os orixinais destes).

Copia simple da cualificación de minusvalía, no caso de aspirar as prazas reservadas para tal fin (sen prexuízo, no caso de ser seleccionado/seleccionada de achegar os orixinais destes).

Igualmente se achegará, antes do remate do período de presentación de instancias, a acreditación dos méritos que se pretendan facer valer na fase de concurso.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os





erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

As persoas que aspiren a ambas prazas deberán presentar unha instancia por cada lista á que aspiren, liquidando as correspondentes taxas por cada proceso, así como, a documentación acreditativa da fase de concurso por cada proceso.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos da exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal.

Os/as aspirantes excluídos/excluídas disporán de tres días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará público no taboleiro de anuncios da casa do concello e na sede electrónica municipal.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

Os/As aspirantes ás prazas reservadas para discapacitados intelectuais (base primeira) deberán indicalo na súa solicitude indicando o grao de discapacidade que teñan recoñecida, debendo solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que vulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.





A composición efectiva do tribunal, así como, a data de realización das probas farase pública no taboleiro de anuncios da casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os/as membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO

O concurso-oposición constará de dúas fases:

1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.
2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.

O sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO.

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL

-Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións públicas: 1,00 punto por ano traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.

(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/das traballadores/traballadoras autónomos/autónoma, alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados para efectos de valoración da experiencia).

Ata un máximo de 20 puntos.

b) FORMACIÓN PROFESIONAL

Cursos en materias propias da praza e posto.

Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar :

- Por cada curso de ata 25 horas 0,01 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 25 horas 0,05 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 50 horas 0,10 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 100 horas 0,25 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 250 horas 0,75 puntos.





- Por cada curso de duración superior ás 500 horas 1 punto.

Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral, se non se especifica de xeito claro, a duración en horas da acción formativa.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Máximo 20 puntos.

B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

PARA A SELECCIÓN DE DIRECTORES/DIRECTORAS DE TEMPO LIBRE

B.1. EXAME TEÓRICO. Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dunha proba tipo test de trinta preguntas con respostas alternativas, relacionada co contido do programa de materias para a fase de oposición que como anexo achega ás presentes bases, no tempo que determine o tribunal ao inicio da proba. A puntuación máxima será de 30 puntos, sendo necesario obter 15 puntos para superar a proba.

B.2. PROBA PRÁCTICA. Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado co contido do programa de materias para a fase de oposición que como anexo achega ás presentes bases, no tempo que determine o tribunal ao inicio da proba. Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos e á resolución dos problemas prácticos presentados. A puntuación máxima será de 30 puntos, sendo necesario obter 15 puntos para superar a proba.

B3. PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO. Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinala o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase como superado ou non superado. Quedarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento (acreditarse coa fotocopia compulsada dos títulos).

PARA OS MONITORES DE TEMPO LIBRE

B.1. EXAME TEÓRICO. Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dunha proba tipo test de trinta preguntas con respostas alternativas, relacionada co contido do programa de materias para a fase de oposición que como anexo achega ás presentes bases, no tempo que determine o tribunal ao inicio da proba. A puntuación máxima será de 60 puntos, sendo necesario obter 30 puntos para superar a proba.

B.2. PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO. Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Os/As aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinala o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da





língua galega, que consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase como apto ou excluído.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do CELGA.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

Por razóns de operatividade as persoas que desexen realizar as probas en castelán (excepto as de galego), deberán facelo constar por escrito na instancia polo que se solicita a participación no proceso selectivo, de non facelo constar así entenderase que optan por facer o exame en galego.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e máis do concurso tendo en conta que a puntuación obtida na fase de oposición representará o 60 % do total e a resultante da fase de concurso o 40 % restante.

No caso da praza de director/directora será asignada ao aspirante que superase o proceso coa maior nota. Para as 13 prazas de monitores/monitoras as cualificacións obtidas por cada aspirante servirán para confeccionar a lista das persoas a ser contratadas, integrada polas 10 mellores puntuacións acadadas da quenda libre e as 3 mellores da quenda reservada para discapacitados/discapitadas, coa salvidade prevista na base primeira, de tal xeito que de non cubrirse as prazas reservadas para discapacitados/discapitadas pasarán a formar parte da lista de 13 contratados os aspirantes que obtivesen as mellores notas da quenda libre. Este listado estará ordenado en función das puntuacións obtidas no proceso.

No suposto de empate na cualificación final, o tribunal seleccionará aos/ás aspirantes con maior puntuación no apartado de oposición, de persistir o empate valorarase a experiencia profesional, en último caso o empate desfarase cunha proba adicional a decidir polo tribunal para a que serán citados exclusivamente os/as aspirantes que tivesen empatado. A continuación o tribunal fará público o resultado do proceso. Finalmente o tribunal elevará á Alcaldía a proposta de listados resultante ao remate do proceso selectivo para cada ocupación, procedendo a súa formalización mediante resolución de Alcaldía. Este listado estará ordenado en función das puntuacións obtidas.

OITAVA.- LISTADO DE CONTRATACIÓNS

Os listados aprobados estarán vixentes durante os anos 2019 e 2020, sen prexuízo de que se poida acordar a súa extinción con anterioridade ou que se convoque un novo proceso selectivo con antelación. As contratacións que se efectúen con base en tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a el e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inxustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista. O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado, de tal xeito que non se pasará a seguinte persoa do





listado en tanto a anterior estea en disposición de traballar. Este chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán para tal efecto na súa instancia os/as aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao negociado de persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo negociado de persoal para a súa contratación, considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique (esta documentación deberá incluír unha certificación negativa do Rexistro central de delinquentes sexuais, de acordo co previsto na Lei 16/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

Sen prexuízo da titulación requirida para acceder ao presente proceso selectivo, as persoas seleccionadas deberán manter en vigor e no seu caso actualizar de acordo coa normativa vixente en cada momento os títulos precisos para poder ser contratados.

NOVENA.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

TEMARIO SOBRE O QUE SE REALIZARÁ A OPOSICIÓN PARA DIRECTOR/DIRECTORA DE TEMPO LIBRE

- 1.- O municipio. Organización municipal. Competencias.
- 2.- Os órganos de goberno municipal. O Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno.
- 3.- O Concello de Cangas. Parroquias, toponimia e lugares de interese.
- 4.- Lexislación galega en materia de xuventude.
- 5.- Dirección de equipos e liderado.
- 6.- O equipo como base da intervención. Animación e dinámica dos equipos.
- 7.- A pedagogía do ocio. O concepto de tempo libre.
- 8.- Educación en valores.
- 9.- Análise de realidades sociais.
- 10.- Metodoloxía e modelos de intervención en actividades de tempo libre.
- 11.- Planificación e deseños de proxectos de intervención.
- 12.- Organización e modelos organizativos.
- 13.- Administración, xerencia e xestión económica.
- 14.- Lexislación relativa as actividades de tempo libre: responsabilidade civil e penal, normas sanitarias, autorizacións, seguros.

ANEXO II

TEMARIO SOBRE O QUE SE REALIZARÁ A OPOSICIÓN PARA MONITORES/MONITORAS





Concello de Cangas

DE TEMPO LIBRE

- 1.- O municipio. Organización municipal. Competencias.
- 2.- Os órganos de goberno municipal. O Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno.
- 3.- O Concello de Cangas. Parroquias, toponimia e lugares de interese.
- 4.- O Grupo. Tipoloxía e organización. Dinámica de grupos.
- 5.- Ocio e tempo libre: características, función e modalidades.
- 6.- Metodoloxía e programación. Fases de elaboración dun programa.
- 7.- O xogo como instrumento didáctico no tempo libre.
- 8.- A animación: concepto e uso da animación no tempo libre.
- 9.- Técnicas de expresión e comunicación.
- 10.- Aspectos sanitarios nas actividades de tempo libre. Primeiros auxilios.

ANEXO III

MODELO DE INSTANCIA
INSTANCIAPARAPARTICIPARNOPROCESOSELECTIVO DE
DIRECTORES/DIRECTORAS E MONITORES/MONITORAS DE TEMPO LIBRE:
(RISQUE CUN X O QUE PROCEDA)

(...) PRAZAS DE DIRECTOR/DIRECTORA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

(...) PRAZAS DE MONITOR/MONITORA DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

(Cubrir unha instancia por cada lista á que se presente)

(...) OPTA AS PRAZAS RESERVADAS PARA DISCAPACITADOS INTELECTUAIS:
Grao recoñecido:.....
Adaptacións solicitadas

APELIDOS, NOME:

DNI:

TELÉFONO:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo seleccionado máis arriba convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





públicas. Comprometéndome a achegar a certificación negativa do Rexistro central de delincuentes sexuais, previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar seleccionado/seleccionada.

Cangas,de de 2019

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- 1.- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- 2.- Fotocopia do DNI.
- 3.- Fotocopia da titulación esixida (base segunda letra b).
- 4.- Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- 5.- No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.
- 6.- Copia cotexada da cualificación de minusvalía intelectual, no caso de aspirar ás prazas reservadas para tal fin (base primeira).
- 7.- Documentación acreditativa dos méritos a valorar na fase de concurso (de ser o caso).

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS'.

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos





Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

